



LINGUA GALEGA E LITERATURA

2ª ESO

Corrección das actividades:

Exercicios día 15.

- Exercicios 1 e 2 da páxina 125 do libro de texto.

Ex. 1

É unha lenda histórico-cultural porque explica a orixe do nome da fonte. Segundo o seu espazo principal é unha lenda local, posto que tería sentido principalmente para a localidade en que existe unha fonte chamada “Fonte da nena”.

Ex. 2

Trátase dun conto porque ten localización espazo-temporal inconcreta (só sabemos que é un ámbito rural pola oferta do porco cebado e que se encontra “un día” co home), os personaxes non teñen poderes sobrenaturais e ten como finalidade entreter.

Exercicios día 20.

- Le atentamente os seguintes textos

Texto A A fonte de Ana Manana	Texto B Mingos ten xenio
---	--

Os dous son relatos **tradicionais, breves, de transmisión oral**. Vexamos agora as diferenzas. Responde:

Texto A 1. Transcorre nun lugar concreto? Cal? Transcorre preto do “Pozo Meimón, na estrada de Ourense a Castrelo” 2. Ten personaxes con poderes sobrenaturais? Cal/cales? A Raíña Ana Manana, posto que lle dá un refaixo que ao pórlo á sobreira esta comeza a arder; ademais os queixos son en realidade cabalos. 3. Combina realidade con fantasía. Explica que feitos poden ser reais e cales fantásticos.	Testo B 1. Transcorre nun lugar concreto? Lugar indeterminado (unha casa rural) 2. Transcorre nun tempo determinado? Indeterminado (“había unha vez”) 3. Ten personaxes con poderes sobrenaturais? Non ten personaxes con poderes sobrenaturais. Son personaxes que poderían ser reais. 4. Ten como finalidade explicar algo, entreter, transmitir unha ensinanza ?
--	---

<p>Os lugares son reais, o home e a muller tamén, pero os sucesos (queixos-cabalos e refaixo que fai arder a sobreira) son fantásticos.</p> <p>4. Ten como finalidade explicar o nome de algo ou simplemente entreter? (fíxate no título)</p> <p>Ten como finalidade explicar por que hai unha fonte que se chama “A fonte de Ana Manana”.</p> <p>É un conto / É unha lenda (subliña a opción correcta).</p>	<p>Ten como finalidade entreter e facer rir.</p> <p>É un conto / É unha lenda (subliña a opción correcta).</p>
---	--

Redacta agora unha resposta:

- O texto A é **unha lenda porque transcorre nun lugar determinado, o “Pozo Meimón, na estrada de Ourense a Castrelo”**; ten personaxes con poderes sobrenaturais, A Raíña Ana Manana; mestura elementos reais (personaxes e localización) con elementos fantásticos (queixos-cabalos, refaixo que arde) e **ten como finalidade explicarnos algo (o nome dunha fonte)**
- O texto B é **un conto porque sucede nun espazo e nun tempo indeterminados, ten personaxes e feitos que ben poderían ser reais e ademais ten como finalidade entreter simplemente.**

Repaso de determinantes e pronomes:

1. Analiza morfoloxicamente as palabras subliñadas. Recorda que se é unha contracción debes dicir que clase de palabra son os dous elementos.

no – Contracción da preposición en máis o artigo o
outras – Adxectivo determinativo indefinido (identificador)
aqueles – Adxectivo determinativo demostrativo
coa – Contracción da preposición con máis o artigo a
os – Artigo determinado
moitos – Adxectivo determinativo indefinido (cuantificador)
Algúns – Pronome indefinido (cuantificador)
Seu – Adxectivo determinativo posesivo
cinco – adxectivo determinativo numeral cardinal.
miña – Adxectivo determinativo posesivo
calquera – adxectivo determinativo indefinido (identificador)
as – Artigo determinado
o – Artigo determinado
seus – Adxectivo determinativo posesivo
mesmo – adxectivo determinativo indefinido (identificador)
estes – adxectivo determinativo demostrativo
da – Contracción da preposición de máis o artigo a

Exercicios día 23.

ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

VERBO ANDAR

Encontraredes o cadro dos verbos regulares no apéndice final do libro de texto

A) Imos traballar con verbos da 1º Conxugación, regulares. Fíxate nas seguintes oracións incompletas, e tenta empregar a forma verbal máis axeitada para que teñan sentido:

Olo! Había un erro nos exercicios ~~ditar~~ non, ditar!

1. (DITAR) Onte, mentres o profesor...**ditaba**...uns exercicios eu estaba debuxando unha caricatura.
2. (TENTAR) Marta, no exame de onte ...**tentou**...copiar, pero non puido porque a profesora estivo todo o tempo mirando para ela.
3. (TOCAR) Se me ...**tocase**... a lotería, mercaría unha casa de campo.
4. (CANTAR) A miña nai quere que eu ...**cante**... diante de todos os meus familiares o día da festa, pero eu non quero.
5. (PINTAR) Mañá todos os alumnos e alumnas da miña clase ...**pintarán**... un mural para conmemorar o día da paz.
6. (ALMORZAR) Os meus veciños ...**almorzan**... todos os días dous ovos fritos con xamón.
7. (MARCHAR) Cando nós chegamos á reunión, dixéronnos que vós xa...**marcharades**... había máis de unha hora.
8. (CAMIÑAR) O médico sempre lle di á miña tía que ...**camiñe**...todos os días durante unha hora, pero ela non lle fai caso.
9. (MANDAR) Se non fixeses barullo na clase, o director non te ...**mandaría**... para a túa casa.
10. (ORDENAR) Por fin ...**ordenaches**... a túa habitación, xa era hora, que case non se podía nin entrar.

B) Agora, imos variar algo as oracións anteriores. Tes que volver a completalas. Fíxate en que tes que empregar outros tempos verbais.

1. (DITAR) Sempre que o profesor...**dita**...uns exercicios eu estou debuxando unha caricatura.
2. (TENTAR) Marta, no exame de onte ...**tentaba**...copiar, pero non podía porque a profesora estaba todo o tempo mirando para ela.
3. (TOCAR) Se me ...**toca**... a lotería, merco unha casa de campo.
4. (CANTAR) A miña nai quería que eu ...**cantase**... diante de todos os meus familiares o día da festa, pero eu non quero.
5. (PINTAR) Onte todos os alumnos e alumnas da miña clase ...**pintaron**... un mural para conmemorar o día da paz.

6. (ALMORZAR) Os meus veciños ...**almorzarían**... todos os días dous ovos fritos con xamón, se o médico non llo prohibise.
7. (MARCHAR) Cando nós cheguemos á reunión, dirannos que vós xa...**marchastes**... haberá máis de unha hora.
8. (CAMIÑAR) O médico sempre lle dicía á miña tía que ...**andase**... todos os días durante unha hora, pero ela non lle facía caso.
9. (MANDAR) Se non armas barullo en clase, o director non te ...**manda**... para a túa casa.
10. (ORDENAR) Mañá ...**ordenas**... a túa habitación, que xa é hora, que case non se pode nin entrar.

Exercicios día 25.

ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

Lembramos a conxugación dos verbos regulares rematados en -ER e en -IR. (debes completar os cadros)

O cadro de verbos está no apéndice final do libro de texto.

A) Traballamos agora cos verbos regulares da segunda e terceira conxugación. Coloca a forma correcta na liña de puntos.

- 1.- (VIVIR) Se nós...**vivísemos**... neste barrio, iríamos a pé ao traballo.
- 2.- (COMER) Cando el chegou ao restaurante, vós xa ...**comerades**... o primeiro prato.
- 3.- (PERDER) Onte, todos os países ...**perderon**... a oportunidade de avanzar no tema da paz.
- 4.- (CORRIXIR) O profesor quere que ti ...**corrixas**... os exercicios no encerado.
- 5.- (ESCRIBIR) No verán, mentres a vosa nai contaba contos fantásticos, ao pé da figueira, vós...**escribiades**... na libreta o que ela dicía.
- 6.- (TEMER) Sodes moi pesimistas, sempre...**temedes**... o peor.
- 7.- (RESPONDER) Se María non fixese a pregunta dese xeito tan brusco, eles non ...**responderían**... tan violentamente.
- 8.- (ACCEDER) Sempre que as mulleres...**acceden**... a cargos de responsabilidade, teñen que demostrar a súa valía.
- 9.- (RECIBIR) Estou contenta porque mañá ...**recibirei**... un premio polo último conto que escribín.
- 10.- (DEBATER) Non me parecería mal que ...**debatesen**... durante tres horas, se ao final chegasen a un acordo.

B) Completa de novo as oracións, tendo en conta que se realizaron algúns cambios. Polo tanto, antes de encher os ocios, le toda a oración.

- 1.- (VIVIR) Se nós...**vivimos**... neste barrio, é porque podemos ir a pé ao traballo.
- 2.- (COMER) Cando el chegue ao restaurante, verá que vós xa ...**comestes**... o primeiro prato.

- 3.- (PERDER) Todos os países ...**perden**... a oportunidade de avanzar no tema da paz, sempre que se reúnen.
- 4.- (CORRIXIR) O profesor quería que ti ...**corrixises**... os exercicios no encerado.
- 5.- (ESCRIBIR) No verán, mentres a vosa nai conta contos fantásticos, ao pé da figueira, vós...**escribides**... na libreta o que ela di.
- 6.- (TEMER) Fostes moi pesimistas, sempre...**temestes**... o peor.
- 7.- (RESPONDER) Se María non fai a pregunta dese xeito tan brusco, eles non ...**responden**... tan violentamente.
- 8.- (ACCEDER) Cando as mulleres...**accedían**...a cargos de responsabilidade, tiñan que demostrar a súa valía.
- 9.- (RECIBIR) Estaba contenta porque ao día seguinte ...**recibiría**... un premio polo último conto que escribira.
- 10.- (DEBATER) Non me parece mal que ...**debatan**... durante tres horas, se ao final chegan a un acordo.

Exercicios día 27.

ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

C) Imos facer un repaso rápido dalgunhas formas verbais. (podes consultar as correspondencias de nomenclatura no cadro inicial; P4, P5 e P6 son respectivamente a 1ª, 2ª e 3ª persoas do plural)

1. P4 do copretérito de indicativo do verbo CORRER: **nós corriamos**
2. P2 do antepretérito do verbo EXAMINAR: **ti examinaras**
3. P6 do pretérito de subxuntivo do verbo PERDOAR: **eles perdoasen**
4. P1 do pretérito de indicativo do verbo DECIDIR: **eu decidín**
5. P5 do presente de subxuntivo do verbo PENSAR: **vós pensedes**
6. P3 do futuro de indicativo do verbo COLLER: **el collerá**
7. P4 do pretérito de indicativo do verbo ENGULIR: **nós engulimos**
8. P2 do presente de indicativo do verbo MORRER: **ti morres (Vaia exemplo me saú!!)**
9. P3 do antepretérito do verbo CONTAR: **el contara**
10. P5 do pretérito de indicativo do verbo COMETER: **vós cometestes**

D) Indica ti agora a persoa, o número, o tempo e o modo das seguintes formas verbais:

1. DITABA: 1ª ou 3ª persoa de singular do copretérito de indicativo do verbo ditar.
2. LAMBICHES: 2ª persoa de singular do pretérito de indicativo do verbo ditar.
3. VIVISEN: 3ª persoa de plural do pretérito de subxuntivo do verbo vivir.
4. HABITARADES: 2ª persoa do plural do antepretérito de indicativo do verbo habitar.
5. FERVERÍAN: 3ª persoa do plural do pospretérito de indicativo do verbo ferver.
6. COÑECEDES: 2ª persoa do plural do presente de indicativo do verbo coñecer.

7. ESCOITEMOS: 1ª persoa de plural do presente de subxuntivo do verbo escoitar.
8. CANTASEDES: 2ª persoa de plural do pretérito de subxuntivo do verbo cantar.
9. REMITIRAS: 2ª persoa do singular do antepretérito de indicativo do verbo remitir.
10. TEMÍAN: 3ª persoa do plural do copretérito de indicativo do verbo temer.
11. FALASTES: 2ª persoa do plural do pretérito de indicativo do verbo falar.

E) Completa as seguintes oracións empregando o antepretérito de indicativo (acción pasada) ou o pretérito de subxuntivo (acción irreal, expresión dun desexo):

1. Oxalá me (TOCAR) ...**tocase**... a lotería! Había de mercar ese ordenador portátil.
2. Cando chegamos ao concerto, o grupo xa (CANTAR)...**cantara**... a miña canción favorita.
3. Explicáronme despois por que os monitores (SUSPENDER)...**suspenderan**... a viaxe á Ribeira Sacra.
4. Aínda que me (GUSTAR) ...**gustase**... cantar, eu nunca podería ir a un programa de televisión.
5. Poderíámolo facer se nós (VIVIR) ...**vivísemos**... na zona centro da cidade.
6. Chamoume por teléfono e díxome que vós (QUEDAR) ..**quedarades**... en recollela ás once, despois do concerto.
7. Gustaríame que me (ESCRIBIR) ...**escribises/escribisen**... todas as semanas unha carta durante as vacacións.
8. Esa rapaza pretendía que vós (LEVAR) ...**levásedes**... o traballo e ela o recoñecemento.
9. Cando entramos no restaurante, deime conta de que nós xa (COMER) ...**comeramos**.... alí no aniversario de voda dos meus pais.
10. Pedíume por favor que ti (ESQUECER) ...**esqueceses**... o que che dixos.

Exercicios día 30.

ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

F) As formas verbais subliñadas no seguinte texto están incorrectamente escritas ou empregadas.

Despois de reflexionar por que, corríxeas.

Discutín cos meus pais por mor das notas e, porén, foi una experiencia moi positiva. Se non suspendera **suspendese** tres materias nesta avaliación, non falaría con eles durante tres horas. Cóntoche: habíanme entregado **entregáranme** as notas ás 11 da mañá pero non llelas ensinei aos meus pais ata as nove da noite. Mentres ceábamos **ceabamos** díxenlles que había suspendido **suspendera** tres e, cando me dispuña a explicar as razóns que provocasen **provocaran** eses resultados, o meu pai interrompeu o meu discurso e comezou a berrar asegurando que xa o esperava **esperaba**, que estaba visto, que era lóxico, que o estraño sería que trouxese todo aprobado, que saía demasiado e falaba a todas horas por teléfono e, claro, non estaba centrada no que tiña que estar. Despois, tocoulle a quenda á miña nai para botarme en cara que non facía nada na casa.

- ~~Andiveches~~ **andaches** con quen che pareceu ata agora, ~~fixeche~~ **fixeches** o que che deu a gana, pero dende hoxe todo vai ser distinto. Estás castigada –díxome.

Asegúroche que durante máis de unha hora eu non abrín a boca. Pero cando calaron, lanceilles un rosario de preguntas:

- Canto tempo hai que non me ~~preguntas~~ **preguntades** que tal estou, como me vai? Cando foi a última vez que vos ~~sentastes~~ **sentastes** comigo para comentar algún asunto, para debater algún tema ou saber a miña opinión sobre algo? É que de min só vos interesan as miñas notas? E se aprobase todas as materias, rifariádesme do mesmo xeito?

Aquela noite foi marabillosa: os tres falando ata as doce da noite, meu pai contándome anécdotas da súa xuventude e miña nai confesándome os seus problemas como estudante. Eu faleilles de min. Comezamos a coñecernos.

G) Escribe agora ti un breve conto no que deberás empregar axeitadamente as seguintes formas verbais (en calquera das seis persoas):

- Resposta aberta. Se o tedes escrito no ordenador enviádemos, se o tedes no caderno corrixímolos á volta.

Exercicios día 1-4.

ACTIVIDADES: Texto dramático

1. Lede con atención o texto das páxinas 150 e 151 do libro de texto. Facede o exercicio 1 da páxina 152.

Grolo: Porción pequena dun líquido ou bebida que se bebe dunha vez

Centurión: Militar romano que comandaba unha centuria

Cepo: Toro pequeno de madeira. En sentido figurado: torpe, tonto.

Esganar: Matar por asfixia [unha persoa ou animal] apertándolle a gorxa.

Chascar: Provocar un ruído con [a lingua] ao separala do padal.

Escándalo: Grande indignación e censura provocadas por feitos ou palabras que van en contra da norma social.

Vil: Que inspira un fondo desprezo, que non ten dignidade.

2. O texto dramático ou teatral é un texto dialogado que contén:

- i. Anotacións (indican como é o escenario, que fan e como van vestidos os personaxes, en que ton falan...).

Ex.:“(botando un bo grolo de viño)” liña 1 “(interrompendo)” liña 33.

- ii. Diálogos precedidos do nome dos personaxes.

Ex.: “CATULO. Por Marte que é bo este viño! De onde dixeches que era Caleno?

CALENO. De Sicilia; manguello nun descoido a un merdador persa no Foro romano, Catulo.”

- Pon exemplos de cada unha destas partes.

3. Escribe ti un texto teatral que debe ter as seguintes características:

Resposta aberta: Se o fixestes a ordenador enviádemo, se non corríxímolo á volta.